

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

2956 *REAL DECRETO 85/2007, do 26 de xaneiro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de danza reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. («BOE» 38, do 13-2-2007.)*

As ensinanzas artísticas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, teñen por finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, a danza, a arte dramática, as artes plásticas e o deseño. Son ensinanzas artísticas, entre outras, as ensinanzas profesionais de música e de danza. A lei establece que estas ensinanzas profesionais se organicen, unhas e outras, en seis cursos de duración.

Considerando o avance que para as ensinanzas de danza supuxo a normativa emanada da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, este real decreto séguese a fundamentar no estudo da especialidade, que actúa como eixe vertebrador do currículo e, pola súa vez, pretende avanzar cara a unha estrutura máis aberta e flexible. Abórdanse, así mesmo, medidas que permitan a máxima adecuación dos estudos aos intereses do alumnado, considérase a compatibilidade real entre estas ensinanzas e as de educación secundaria e fácultanse as administracións educativas para a adopción de diferentes medidas de ordenación académica a este respecto.

Cabe destacar, como peculiaridade dos estudos de danza en relación con outras ensinanzas, que neles o bailarín se expresa a través do seu propio corpo e cursa uns estudos que teñen como meta o exercicio profesional. Por iso, a importancia do rendemento físico e as posibilidades do corpo do intérprete como instrumento de traballo fan necesario que o seu período de formación inicial finalice a unha idade temperá. As ensinanzas profesionais de danza deberán garantir unha instrución que proporcione o nivel de expresión artística propio duns estudos altamente especializados, destinados a aqueles alumnos e alumnas que posúan aptitudes específicas e vontade para dedicarse a eles.

No que se refire á apertura das ensinanzas, este real decreto crea a especialidade de baile flamenco. Esta especialidade, cuxa xénese profesional se aprecia no século XIX cuns reducidos repertorios e estilos, evolucionou permanentemente a través do tempo e experimentou, sobre todo nos últimos anos, un importante avance en relación coa súa praxe e a súa difusión. A gran demanda, a fusión con outras artes e o seu protagonismo nas novas estéticas das artes escénicas aconsellan a inclusión desta nova especialidade nas ensinanzas profesionais da danza.

En canto aos contidos das especialidades da danza, mantense a necesidade de conxugar comprensión e expresión, coñecemento e realización. Este proceso complexo de educación artística debe ter en conta que os contidos esenciais na formación dun bailarín están presentes, case na súa totalidade, desde o inicio dos estudos e que o seu desenvolvemento se realiza non só pola adquisición de novos elementos senón especialmente pola súa profundización permanente. Nesta traxectoria, o grao de dificultade interpretativa virá determinado pola natureza dos exercicios e das obras que en cada tramo do proceso se seleccionen.

En relación cos criterios de avaliación, estes establecen o tipo e grao de aprendizaxe que se espera que alcancen os alumnos nun momento determinado respecto dos obxectivos xerais das ensinanzas, as capacidades indicadas nos obxectivos específicos das ensinanzas profesio-

nais de danza e os propios de cada especialidade. O nivel de cumprimento destes obxectivos, en relación cos criterios de avaliación fixados, debe ser medido tendo en conta o contexto do alumno así como as súas propias características e posibilidades. Deste xeito, a avaliación constitúese nunha función formativa e, ademais, nunha fonte de información sobre o mesmo proceso de enseñanza, converténdose nun referente fundamental de todo o proceso de enseñanza-aprendizaxe.

En consonancia con todo isto, fíxanse os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas e os horarios escolares mínimos das ensinanzas profesionais de danza. Sobre unhas e outros, as administracións educativas establecerán os seus respectivos currículos e horarios.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de xaneiro de 2007,

DISPÓÑO:

CAPÍTULO I

Da finalidade e organización das ensinanzas profesionais de danza

Artigo 1. *Finalidade e organización.*

1. As ensinanzas profesionais de danza teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da danza.

2. A finalidade das ensinanzas profesionais de danza ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

3. As ensinanzas profesionais de danza organizaranse nun grao de seis cursos de duración, segundo o disposto no artigo 48.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 2. *Obxectivos xerais das ensinanzas profesionais de danza.*

1. As ensinanzas profesionais de danza teñen como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

a) Habitarse a observar a danza asistindo a manifestacións escénicas relacionadas con ela e establecer un concepto estético que lles permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.

c) Analizar e valorar a calidade da danza.

d) Coñecer os valores da danza e optar polos aspectos emanados dela que sexan máis idóneos para o desenvolvemento persoal.

e) Participar en actividades de animación dancística e cultural que lles permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da danza.

f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da danza.

g) Coñecer e valorar o patrimonio dancístico como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

Artigo 3. *Obxectivos específicos das ensinanzas profesionais de danza.*

As ensinanzas profesionais de danza deberán contribuír a que os alumnos e alumnas adquiren as capacidades seguintes:

- a) Demostrar o dominio técnico e o desenvolvemento artístico necesarios que permitan o acceso ao mundo profesional.
- b) Habitarse a asistir a manifestacións escénicas relacionadas coa danza para formar a súa cultura dancística e restablecer un concepto estético que lles permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- c) Valorar a importancia do dominio do corpo e da mente para utilizar con seguranza a técnica, co fin de alcanzar a necesaria concentración que permita unha interpretación artística de calidade.
- d) Afondar no desenvolvemento da súa personalidade a través da necesaria sensibilidade musical, co fin de alcanzar unha interpretación expresiva.
- e) Analizar criticamente a calidade da danza en relación cos seus valores intrínsecos.
- f) Interrelacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para conseguir unha interpretación artística de calidade.
- g) Aplicar os coñecementos históricos, estilísticos e coreográficos para conseguir unha interpretación artística de calidade.
- h) Ter a disposición necesaria para saber integrarse nun grupo como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- i) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- j) Adaptarse coa versatilidade necesaria ás diferentes formas expresivas características da creación coreográfica contemporánea.
- k) Improvisar de acordo co estilo, coa forma e co carácter da música, así como a partir de diferentes propostas non necesariamente musicais, tanto auditivas como plásticas, poéticas, etc.
- l) Reaccionar cos reflexos necesarios que require a solución dos problemas que poidan xurdir durante a interpretación.
- m) Formarse unha imaxe axustada de si mesmo, das súas características e posibilidades, e desenvolver hábitos de estudo, valorando o rendemento en relación co tempo empregado.
- n) Afondar no coñecemento corporal e emocional para manter o axeitado equilibrio e benestar psicofísico.

Artigo 4. *Especialidades das ensinanzas profesionais de danza.*

Son especialidades das ensinanzas profesionais de danza:

- Baile flamenco.
- Danza clásica.
- Danza contemporánea.
- Danza española.

CAPÍTULO II

Do currículo

Artigo 5. *Currículo.*

1. Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que para as distintas especialidades e materias das ensi-

nanzas profesionais de danza se inclúen no anexo I constitúen os aspectos básicos dos currículos respectivos.

2. O horario escolar correspondente aos contidos básicos das ensinanzas mínimas, de conformidade co disposto no artigo 6.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, será o establecido no anexo II.

3. As administracións educativas establecerán o currículo das ensinanzas profesionais de danza e os horarios correspondentes, de acordo co previsto no artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 6. *Materias que constitúen o currículo.*

1. As ensinanzas profesionais de danza organízanse nas materias seguintes:

a) Materia común a todas as especialidades: música.

b) Materias propias da especialidade:

Especialidade de baile flamenco:

Técnicas básicas de danza.

Danza española.

Baile flamenco.

Estudo do cante de acompañamento.

Estudo da guitarra de acompañamento.

Especialidade de danza clásica:

Danza clásica.

Danza contemporánea.

Repertorio.

Especialidade de danza contemporánea:

Danza clásica.

Improvisación.

Técnicas de danza contemporánea.

Especialidade de danza española:

Danza clásica.

Escola Bolera.

Danza estilizada.

Flamenco.

Folclore.

2. As administracións educativas determinarán os cursos en que se deberán realizar as materias establecidas no número anterior.

3. As administracións educativas poderán engadir, dentro das diferentes especialidades, materias distintas das incluídas neste real decreto, tales como «Anatomía aplicada á danza», «Historia da danza» e outras.

4. Así mesmo, as administracións educativas poderán potenciar nos seus currículos distintos perfís dentro de cada especialidade nos dous últimos cursos das ensinanzas profesionais de danza.

CAPÍTULO III

Do acceso ás ensinanzas

Artigo 7. *Requisitos académicos e proba de acceso.*

1. Conforme o artigo 49 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para acceder ás ensinanzas profesionais de danza será preciso superar unha proba específica de acceso regulada e organizada polas administracións educativas, mediante a cal se valorará a madureza, aptitudes e coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais, de acordo cos obxectivos establecidos neste real decreto.

2. Así mesmo, poderase acceder a cada curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, o aspirante demostre

posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes. Esta proba será organizada polas administracións educativas.

Artigo 8. *Cualificación das probas de acceso.*

1. As puntuacións definitivas obtidas polos alumnos nas probas de acceso axustaranse á cualificación numérica de 0 a 10, cun decimal como máximo, e será precisa a cualificación de 5 para o aprobado.

2. A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para matricularse no curso académico en que fose convocada.

Artigo 9. *Admisión de alumnos.*

A admisión de alumnos estará sometida aos principios de igualdade, mérito e capacidade, e supeditada ás cualificacións obtidas na proba de acceso ás ensinanzas.

Artigo 10. *Matriculación.*

1. Correspóndelles ás administracións educativas regular os procesos de matriculación do alumnado.

2. No caso dos alumnos que cursan máis dunha especialidade, unicamente cursarán as materias comúns por unha delas. Unha vez cursadas e superadas nunha especialidade, a cualificación obtida é válida para todas as especialidades e deste xeito deberá constar no libro de cualificacións.

3. As administracións educativas establecerán as condicións para a matriculación, con carácter excepcional, en máis dun curso académico, de acordo co establecido no artigo 48.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

CAPÍTULO IV

Da avaliación, a promoción e a permanencia

Artigo 11. *Avaliación.*

1. A avaliación das ensinanzas profesionais de danza levarase a cabo tendo en conta os obxectivos educativos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.

2. A avaliación da aprendizaxe dos alumnos será continua e integradora, aínda que diferenciada segundo as distintas materias do currículo.

3. A avaliación será realizada polo conxunto de profesores do alumno coordinados polo profesor titor, actuando estes profesores de maneira integrada ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes deste proceso.

4. Os profesores avaliarán tanto a aprendizaxe dos alumnos como os procesos de ensino.

5. As administracións educativas regularán as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de facilitarlles aos alumnos a recuperación das materias con avaliación negativa.

6. Os resultados da avaliación final das distintas materias que compoñen o currículo expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, considerándose positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco e negativas as inferiores a cinco.

Artigo 12. *Promoción.*

1. Os alumnos promocionarán de curso cando superasen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa como máximo en dúas materias. No suposto de materias pendentes referidas á práctica da danza, a recuperación

delas deberase realizar na clase do curso seguinte se estas forman parte del. No resto dos casos, os alumnos deberán asistir ás clases das materias non superadas no curso anterior.

2. A cualificación negativa en tres ou máis materias dun ou varios cursos impedirá a promoción dun alumno ao curso seguinte.

3. Os alumnos que ao remate do 6.º curso tivesen pendentes de avaliación positiva tres materias ou máis deberán repetir o curso na súa totalidade. Cando a cualificación negativa se produza nunha ou dúas materias, só será necesario que se realicen as materias pendentes.

Artigo 13. *Límites de permanencia.*

1. O límite de permanencia nas ensinanzas profesionais de danza será de oito anos. O alumno ou a alumna non poderá permanecer máis de dous anos no mesmo curso, excepto en 6.º curso.

2. Con carácter excepcional e nas condicións que establezan as administracións educativas, poderase ampliar nun ano a permanencia en supostos de enfermidade grave ou outras circunstancias que merezan igual consideración.

Artigo 14. *Titulación.*

1. Os alumnos e as alumnas que superasen as ensinanzas profesionais de danza obterán o título profesional de danza, no cal constará a especialidade cursada.

2. Os alumnos e as alumnas que finalicen as ensinanzas profesionais de danza obterán o título de bacharel se superan as materias comúns do bacharelato, aínda que non realizasen o bacharelato da modalidade de artes na súa vía específica de música e danza.

CAPÍTULO V

Dos documentos de avaliación

Artigo 15. *Documentos de avaliación.*

1. Son documentos de avaliación das ensinanzas profesionais de danza o expediente académico persoal, as actas de avaliación, o libro de cualificacións e os informes de avaliación individualizados.

2. Dos documentos de avaliación, terá a consideración de documento básico o libro de cualificacións.

3. Os documentos de avaliación levarán as sinaturas que dean fe das persoas que corresponda en cada caso, con indicación do posto desempeñado. Debaixo delas constará o nome e os apelidos do asinante.

Artigo 16. *Libro de cualificacións.*

1. O libro de cualificacións das ensinanzas profesionais de danza é o documento oficial que reflicte os estudos cursados. Nel recolleranse as cualificacións obtidas polo alumno, a información sobre a súa permanencia no centro e, de ser o caso, sobre os traslados de matrícula. Así mesmo, constará a solicitude, por parte do alumno, da expedición do título correspondente, unha vez superadas todas as materias correspondentes ás ensinanzas profesionais de danza.

2. O libro de cualificacións referirase aos estudos cursados dentro dunha única especialidade. No caso de alumnos que cursen máis dunha especialidade, cubrirase un libro de cualificacións por cada especialidade cursada, indicando, se for o caso, na páxina de «estudos previos de ensinanzas profesionais noutras especialidades», as materias comúns superadas e a cualificación obtida.

3. O libro de cualificacións será editado polas administracións educativas e terá características análogas ao das outras ensinanzas artísticas profesionais.

Artigo 17. *Linguas dos documentos básicos.*

Nas comunidades autónomas cuxas linguas teñan estatutariamente atribuído carácter oficial, os documentos básicos de avaliación poderán ser redactados na correspondente lingua e deben ser expedidos, en todo caso, en forma bilingüe cando o pidan os alumnos; debe figurar sempre o texto castelán cando deba producir efectos fóra do ámbito da comunidade autónoma. Se debese producir efectos no territorio dunha comunidade autónoma onde sexa cooficial esa mesma lingua distinta do castelán, non cumprirá a súa tradución.

Artigo 18. *Procedemento para cubrir e custodiar.*

A supervisión do procedemento para cubrir e custodiar os diferentes documentos de avaliación realizarase na forma en que determinen as administracións educativas competentes.

Artigo 19. *Traslados de expediente.*

Cando un alumno se traslade a outro centro antes de ter concluído o curso, emitírase un informe de avaliación individualizado, no cal se recollerá, para tales efectos, toda aquela información que resulte necesaria para a continuidade do proceso de aprendizaxe. Será elaborado polo titor do curso que o alumno estivese a realizar no centro, a partir dos datos facilitados polos profesores das distintas materias, e remitido polo centro de orixe ao de destino xunto co libro de cualificacións.

CAPÍTULO VI

Correspondencia con outras ensinanzas

Artigo 20. *Correspondencia entre ensinanzas de danza e ensinanzas de educación secundaria.*

1. De acordo co artigo 47.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, as administracións educativas facilitaránlle ao alumnado a posibilidade de cursar simultaneamente as ensinanzas artísticas profesionais e a educación secundaria.

2. Así mesmo, de conformidade co artigo 47.2 da citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, con obxecto de facer efectivo o previsto no punto anterior, poderanse adoptar as oportunas medidas de organización e de ordenación académica que incluírán, entre outras, as validacións e a creación de centros integrados.

3. O Ministerio de Educación e Ciencia, consultadas as comunidades autónomas, establecerá correspondencias entre materias de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato e materias das ensinanzas profesionais de danza.

4. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, as administracións educativas poderán establecer validacións cando estas afecten as materias optativas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, e regular, no ámbito das súas competencias, adaptacións nos seus currículos encamiñadas a facilitar a simultaneidade de estudos de réxime xeral e de réxime especial.

Disposición adicional primeira. *Valoración do título profesional no acceso ás ensinanzas superiores.*

Para facer efectivo o previsto no artigo 54.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en relación

coa proba de acceso ás ensinanzas superiores, a nota media do expediente dos estudos profesionais constituirá como máximo o cincuenta por cento da nota da proba no caso dos alumnos e as alumnas que opten a ela e estean en posesión do título profesional de danza. Correspóndelles ás administracións educativas a concreción dese tanto por cento.

Disposición adicional segunda. *Alumnos con discapacidade.*

1. No marco das disposicións establecidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, os centros escolares de nova creación deberán cumprir coas disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade. O resto dos centros deberase adecuar á dita lei nos prazos e cos criterios establecidos nela.

2. As administracións educativas adoptarán as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade.

Disposición adicional terceira. *Incorporación de alumnos procedentes de plans anteriores con materias pendentes.*

1. Sen prexuízo das equivalencias establecidas no Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando un alumno suspendese dúas ou máis materias do curso que estea a realizar das ensinanzas establecidas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, incorporárase ao mesmo curso das ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que deberá realizar completo.

2. Así mesmo, cando un alumno teña cualificación negativa nunha materia do curso que estea a realizar das ensinanzas establecidas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, incorporárase ao curso seguinte das ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Para tal fin, as administracións educativas determinarán as condicións para a superación da materia pendente.

3. O alumno presentará o libro de cualificacións e o centro receptor abrirá o correspondente expediente académico, ao cal incorporará os datos pertinentes.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Sen prexuízo da súa aplicación transitoria en función do calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecido no Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, quedan derogados o Real decreto 1254/1997, do 24 de xullo, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo do grao medio das ensinanzas de danza, e a Orde do 17 de novembro de 1997 pola que se establecen os aspectos básicos dos informes de avaliación do grao medio das ensinanzas de danza, así como os requisitos formais derivados do dito proceso que sexan precisos para garantir a mobilidade dos alumnos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico, a excepción daqueles preceptos que fan referencia expresa a facultades das comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución española, da habilitación que

Ile confire ao Goberno o artigo 6.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e en uso da competencia estatal para a fixación das ensinanzas mínimas recollida expresamente na disposición adicional primeira 2 c) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de xaneiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

ANEXO I

ENSINANZAS MÍNIMAS CORRESPONDENTES ÁS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE DANZA

A) **Materia común a todas as especialidades**

Materia: música

1. Obxectivos.

O ensino de música nas ensinanzas profesionais de danza terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Expresar de forma orixinal as súas ideas e sentimentos mediante o uso da voz e os instrumentos, en situacións de interpretación e improvisación, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación, respectando outras formas distintas de expresión.

b) Valorar a expresión vocal (falada e cantada) como fonte de comunicación e expresión de ideas e sentimentos.

c) Interesarse polo coñecemento da música e das normas máis xerais que rexen a composición do discurso musical e o seu proceso creativo.

d) Coñecer as características, posibilidades e recursos expresivos da música das diferentes épocas e estilos, para conseguir unha interpretación de calidade tanto de calquera peza de repertorio, coma na improvisación sobre unha obra musical.

e) Valorar e respectar as manifestacións musicais doutras culturas.

f) Valorar a importancia do silencio como condición previa para a existencia da música e como elemento de harmonía na relación cun mesmo e cos demais, tomando conciencia da agresión que supón o uso indiscriminado do son.

2. Contidos.

A voz e a palabra como medios de expresión musical. Improvisacións vocais: individuais e en grupo, libres e dirixidas, con e sen melodía. Práctica de repertorio vocal. Ritmo, melodía, harmonía e forma como elementos da música. Pulso, acento e fraseo como elementos da linguaxe musical. A repetición, imitación, variación, desenvolvemento e improvisación como procedementos compositivos. Utilización da percusión corporal e os instrumentos escolares para acompañar o movemento e a danza. Os grandes períodos da historia da música: formas e estilos. Pluralidade de estilos na música contemporánea. A música doutras culturas. Música e medios audiovisuais.

3. Criterios de avaliación.

1) Intervir en actividades de canto colectivo adaptando a súa expresión e entoación ao nivel sonoro do

conxunto. Este criterio pretende avaliar se o alumnado ten unha intervención activa nas situacións de canto colectivo, así como a actitude coa que se achega ás actividades de canto, observando a vontade de adaptar a expresión e entoación vocal ao nivel sonoro do grupo.

2) Respectar o marco de actuación de esquemas rítmico-melódicos (entre 8 e 16 pulsos de duración e no ámbito da escala natural) en situacións de improvisación. Este criterio intenta comprobar a habilidade do alumno ou da alumna en respectar o marco de actuación da pauta rítmico-melódica proposta, observando a capacidade musical de intervir con soltura e con naturalidade durante a improvisación, achegando ideas orixinais e sabendo calar a tempo cando a intervención se complica.

3) Ler música no contexto das actividades musicais do grupo como apoio ás tarefas de interpretación e audición. Este criterio avalía a utilización funcional da lectura musical. Non se trata de avaliar desde un punto de vista do solfexo, senón de observar a destreza con que o alumnado se desenvolve na lectura, unha vez creada a necesidade de apoiarse na partitura para progresar nas actividades musicais do grupo.

4) Utilizar a terminoloxía musical adecuada para comunicarlles aos demais xuízos persoais relacionados coas obras musicais escoitadas. Este criterio avalía a capacidade de utilizar unha linguaxe musical adecuada á hora de axuizar a música, xa que saber «falar de música» implica a asimilación dos conceptos e principios musicais básicos.

5) Participar nas actividades de interpretación en grupo asumindo o intercambio dos roles que deriven das necesidades musicais. Este criterio avalía a mobilidade do alumnado en asumir calquera dos papeis que demanda unha situación musical. Actuar indistintamente desde calquera instrumento, desde o canto, como director, como solista, etc., suporá ter superados os comportamentos estereotipados que se dan a miúdo na interpretación en grupo.

6) Establecer algunhas pautas para a improvisación que permitan expresar musicalmente ideas extraídas da análise doutras áreas artísticas. O fin deste criterio é comprobar que o alumnado é capaz de trasladar musicalmente as ideas expresadas noutras áreas artísticas. Isto implica a análise da estrutura que as soporta, para despois establecer os convencionalismos musicais pertinentes que permitan operar con eles.

B) **Materias propias de cada especialidade**

ESPECIALIDADE: BAILE FLAMENCO

Materia: técnicas básicas de danza

1. Obxectivos.

O ensino de técnicas básicas de danza nas ensinanzas profesionais terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Saber utilizar os coñecementos técnicos e estéticos da danza clásica adquiridos para alcanzar o máximo grao de interpretación artística, nas diferentes manifestacións da danza española e do baile flamenco.

b) Saber utilizar os coñecementos adquiridos sobre as técnicas da danza contemporánea para a súa posterior aplicación, tanto na técnica do «torso» en flamenco, coma de forma estilizada na coreografía.

c) Improvisar formas libres de danza con sensibilidade creativa, sentido musical, coñecemento e uso do espazo, demostrando a versatilidade necesaria para adaptarse ás exixencias do flamenco actual.

2. Contidos.

Estudo da terminoloxía propia da danza clásica. Desenvolvemento da correcta colocación do corpo que per-

mita unha base técnica sólida, co fin de abordar os distintos estilos da danza española e o baile flamenco. Desenvolvemento do control de todo o corpo e utilización correcta do espazo. Desenvolvemento das capacidades creativas e o sentido musical a través da improvisación. Fundamentos técnicos da danza contemporánea.

3. Criterios de avaliación.

1) Realizar unha clase de danza clásica que o profesor ou profesora marque no momento, con todos os exercicios estudados, centrándose na correcta colocación do corpo. Con este criterio preténdese comprobar o nivel técnico alcanzado, así como o control do corpo en movemento e a precisión á hora de utilizar correctamente o espazo.

2) Improvisar unha variación libre de danza contemporánea de maneira individual ou en grupo utilizando como pauta un ritmo flamenco. Con este criterio preténdese comprobar o desenvolvemento creativo, a capacidade e a sensibilidade musical, así como a aplicación da técnica adquirida no traballo coreográfico do baile flamenco.

Materia: danza española

1. Obxectivos.

O ensino de danza española nas ensinanzas profesionais terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Coñecer a aproximación paradigmática, no que se refire ao contexto e forma da Escola Bolera co baile flamenco a través do repertorio máis ancestral.

b) Coñecer as técnicas específicas da danza estilizada para a súa aplicación no baile flamenco teatral.

c) Coñecer e valorar a cultura e a danza tradicional atendendo ás orixes, ás influencias e á súa interrelación co baile flamenco.

d) Interpretar con personalidade artística e expresiva as distintas formas da danza española adaptándose ao estilo propio de cada unha delas.

2. Contidos.

Exercicios para adquirir a técnica, a dinámica, a coordinación e o estilo da Escola Bolera. Estudo e execución das danzas de repertorio máis ancestrais da Escola Bolera e o seu correcto acompañamento de castañolas, atendendo á dinámica, ao estilo e ao carácter propio destas danzas. A Escola Bolera en Andalucía e a súa relación co desenvolvemento do baile flamenco. Interpretación de coreografías de danza estilizada, co máximo dominio do espazo escénico, da técnica (movementos, castañolas, zapateados, indumentaria, etc.), da expresividade, musicalidade, graza e naturalidade. Realización de variacións de danza estilizada, na cal o principal protagonista sexa o compás flamenco. Adquisición das técnicas e estilos das danzas populares tradicionais máis representativas de cada unha das comunidades que deron orixe ao baile flamenco. Desenvolvemento permanente da memoria.

3. Criterios de avaliación.

1) Interpretar un baile do repertorio máis ancestral da Escola Bolera por proposta do profesor. Con este criterio preténdese comprobar se o alumno ou alumna é capaz de controlar o movemento dándolle o carácter e o estilo propios da Escola Bolera, así como a súa capacidade de comunicación co público.

2) Interpretación dunha danza de zapato onde o baile flamenco sexa o protagonista a nivel rítmico e de carácter. Con este criterio preténdese comprobar o grao de asimilación por parte do alumno ou alumna do estilo dentro da danza estilizada.

3) Interpretar e analizar unha danza popular tradicional interrelacionada co baile flamenco. Con este criterio preténdese comprobar o coñecemento e a asimilación do alumno ou alumna da técnica, do estilo e carácter propio destas danzas.

Materia: baile flamenco

1. Obxectivos.

O ensino do baile flamenco nas ensinanzas profesionais terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Adquirir e demostrar o dominio da técnica corporal e do zapateado en cada un dos diferentes ritmos flamencos para realizar unha interpretación artística de calidade.

b) Interpretar os diferentes paus flamencos propostos co dominio suficiente para desenvolver unha personalidade artística de calidade e conseguir unha interpretación rica en expresividade.

c) Utilizar con soltura e naturalidade os complementos (abano, sombreiro, bastón, bata de cola, mantón e capa), requiridos para cada un dos paus flamencos que se van estudar.

d) Desenvolver a capacidade de improvisación e de creación en calquera dos paus que se van estudar tendo en conta a estrutura, o compás e o carácter.

e) Coñecer a importancia do cante e do toque como elementos básicos na configuración dun baile flamenco.

f) Desenvolver a capacidade de observación e crítica do alumno ou alumna, de maneira que sexa capaz de expresar os seus xuízos e opinións ante as diferentes manifestacións do flamenco.

2. Contidos.

Estudo do compás e da estrutura dos diferentes paus do baile flamenco. Estudo dos diferentes bailes flamencos coa sensibilidade musical, dominio técnico, gusto, carácter e forza expresiva que cada un requira para unha correcta posta en escena. Estudo dos distintos complementos que son utilizados, en función do baile flamenco que se estea estudando, tales como: o abano, o sombreiro (home e muller), o bastón, a bata de cola, o mantón e a capa. Desenvolvemento e adquisición da capacidade crítica no alumno ou alumna, a través de razoamentos fundamentados no coñecemento do flamenco. Traballo técnico do movemento corporal diferenciando entre o baile de home e de muller.

3. Criterios de avaliación.

1) Interpretar un pau do repertorio flamenco. Con este criterio preténdese comprobar o dominio técnico corporal e do zapateado, o estilo, o carácter propio do baile, a musicalidade e os matices, así como a capacidade artística e a forza expresiva do alumno ou alumna e a súa madurez interpretativa.

2) Interpretar un pau do repertorio flamenco onde os distintos complementos: bata de cola, mantón, abano, sombreiro (muller e home), bastón, capa e castañolas, xoguen un papel fundamental na súa execución. Con este criterio preténdese comprobar o dominio e a soltura no seu uso.

3) Montar dúas variacións coreográficas, unha para home e outra para muller, utilizando como base un mesmo pau do baile flamenco. Con este criterio preténdese comprobar o grao de coñecemento adquirido por parte do alumno ou alumna en canto ás características propias que comporta o baile de home e o baile de muller.

4) Pór en escena un dos bailes flamencos propostos polo profesor ou profesora durante o curso. Con este criterio preténdese comprobar o grao de autocontrol e comunicación co público.

Materia: estudo do cante de acompañamento

1. Obxectivos.

O ensino do estudo do cante de acompañamento nas ensinanzas profesionais terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Comprender a importancia e riqueza do cante de acompañamento ao baile a través da súa historia como instrumento para a configuración dun baile flamenco e como vehículo para a expresión de emocións.
- b) Coñecer os distintos estilos do cante de acompañamento ao baile.
- c) Saber dirixir un cantaor á hora de coreografar un baile.

2. Contidos.

O cante flamenco de acompañamento ao baile: orixe, evolución e principais intérpretes. Estudo teórico práctico dos paus e estilos do cante para o baile. Traballo teórico práctico na dirección do cante para o baile flamenco.

3. Criterios de avaliación.

- 1) Realizar unha audición de cante. Con este criterio preténdese comprobar o grao de coñecemento e asimilación por parte do alumno ou alumna dos distintos estilos do cante e a súa influencia no acompañamento ao baile.
- 2) Realizar unha montaxe dun baile flamenco. Con este criterio preténdese comprobar o coñecemento do alumno ou alumna á hora de dirixir o cantaor no desenvolvemento desta montaxe.

Materia: estudo da guitarra de acompañamento

1. Obxectivos.

O ensino do estudo da guitarra de acompañamento nas ensinanzas profesionais terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Comprender a importancia e riqueza do toque do acompañamento ao baile a través da súa historia como instrumento para a configuración dun baile flamenco e como vehículo para a expresión de emocións.
- b) Coñecer as distintas formas de acompañamento ao baile.
- c) Saber dirixir un músico guitarrista á hora de coreografar un baile.

2. Contidos.

A guitarra de acompañamento ao baile: orixe, evolución e principais intérpretes. Incidencia da guitarra no desenvolvemento técnico e artístico do baile flamenco. Diferentes técnicas da guitarra no acompañamento ao baile. Traballo teórico-práctico na dirección do toque para o baile flamenco.

3. Criterios de avaliación.

- 1) Realizar unha audición de guitarra flamenca. Con este criterio preténdese comprobar o grao de coñecemento e asimilación por parte do alumno ou alumna das distintas formas de acompañamento de guitarra e a súa influencia no baile.
- 2) Realizar unha montaxe dun baile flamenco. Con este criterio preténdese comprobar o coñecemento do alumno ou alumna á hora de dirixir o guitarrista no desenvolvemento da dita montaxe.

ESPECIALIDADE: DANZA CLÁSICA

Materia: danza clásica

1. Obxectivos.

O ensino de danza clásica das ensinanzas profesionais de danza terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Controlar a correcta colocación do corpo que permita o dominio da coordinación e o desenvolvemento de todos os movementos.

b) Realizar con musicalidade a execución de todos os movementos que configuran a danza.

c) Saber utilizar os coñecementos técnicos e estilísticos da danza clásica, para conseguir a necesaria calidade do movemento que permita alcanzar o máximo grao de interpretación artística.

d) Valorar a importancia do espazo como elemento tanto estético como formal e ser conscientes do papel que xoga na interpretación.

2. Contidos.

Coñecemento de todos os pasos que compoñen o vocabulario da danza clásica e execución correcta deles de acordo cos seus tempos musicais, acentos e coordinación de movementos. Adestramento permanente e progresivo da memoria. Desenvolvemento do control de todo o corpo, a dinámica, o ataque do movemento e a respiración. Execución precisa e definida de todos os pasos coas súas direccións e desprazamentos. Utilización correcta do espazo. Interiorización da música para desenvolver a sensibilidade artística coa elegancia e enerxía que a danza require. Desenvolvemento da sensibilidade musical como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de movemento. Clase de puntas: estudo de todos os pasos sobre zapatillas de media punta e sobre zapatillas de punta para as mozas. Clase para mozos: estudo de todos aqueles pasos que especificamente son denominados «pasos para homes». Desenvolvemento do perfeccionamento técnico e interpretativo do xiro e do salto. Desenvolvemento das capacidades creativas.

3. Criterios de avaliación.

1) Coñecer e recoñecer todos os pasos do vocabulario da danza clásica, entendendo a súa aplicación técnica. Este criterio de avaliación pretende comprobar que o alumno ou alumna aprendeu o nome de todos os pasos, a súa realización, as súas características e o seu significado técnico na danza.

2) Realizar os exercicios da barra de ballet que o profesor ou profesora marque no momento, co acompañamento musical propio deste nivel. Con este criterio trátase de comprobar o grao de madurez das capacidades físicas do alumno ou alumna, necesario para o dominio da técnica da danza clásica.

3) Realizar no centro un exercicio de adagio que o profesor ou profesora marque no momento. Con este criterio de avaliación trátase de comprobar o desenvolvemento da súa capacidade técnica canto ao sentido do equilibrio, da amplitude e elevación das pernas, da definición e concreción das posicións do corpo no espazo, na coordinación, na colocación e no movemento dos brazos e da cabeza. Ademais comprobárase o grao de madurez da súa personalidade artística, musicalidade, expresividade e comunicación.

4) Realizar no centro dous exercicios de xiros que o profesor ou profesora marque no momento. Con este criterio trátase de comprobar que o alumno ou alumna adquiriu o dominio da técnica do xiro, a coordinación e o sentido do movemento no espazo, ademais da limpeza, definición e precisión dos pasos e os entrepasos.

5) Realizar no centro dous exercicios de saltos pequenos que o profesor ou profesora marque no momento. Con este criterio de avaliación preténdese comprobar o nivel técnico adquirido polo alumno ou alumna na execución do salto, a forza e a elasticidade dos pés, o traballo do plié (elasticidade, suxeición de baixada e forza para o impulso), ademais da coordinación, acen-

tos musicais e musculares, elevación das cadeiras e suxeición do torso.

6) Realizar no centro un exercicio de batería que o profesor ou profesora marque no momento. Con este criterio de avaliación trátase de comprobar o grao de execución e dominio adquirido na técnica de pequena batería, comprobando o desenvolvemento físico e muscular do en deors para a batería, limpeza, definición e concreción dos movementos de pernas e pés, a coordinación e os acentos musicais e musculares dos saltos.

7) Realizar no centro varios exercicios de saltos grandes que o profesor ou profesora marque no momento. Con este criterio de avaliación preténdese comprobar o desenvolvemento máximo da capacidade de movemento, a enerxía que produce o traballo muscular para saltar utilizando o máximo de amplitude, a precisión e a colocación do corpo no aire, a coordinación dos brazos e pernas e a sincronización de impulsos, pernas, brazos, torso e música.

8) Realizar no centro varios exercicios específicos de homes que o profesor ou profesora marque no momento. Con este criterio de avaliación preténdese comprobar o dominio adquirido polos alumnos homes da técnica específica de mozos na danza clásica.

9) Realizar no centro diversos exercicios específicos en puntas para as mozas que o profesor ou profesora marque no momento. Con este criterio de avaliación preténdese comprobar o nivel técnico adquirido polas alumnas na técnica de puntas.

10) Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical que o ou a pianista toque anteriormente. Con este criterio de avaliación preténdese comprobar o grao de madureza do alumno ou alumna para ser capaz de, escoitando unha música, saber plasmar con movementos as imaxes e sensacións que a música lle produce, ademais de comprobar o seu sentido creativo, sensibilidade e musicalidade.

En todos os criterios de avaliación comprobarase, ademais, a capacidade artística, a sensibilidade, a musicalidade e a comunicación expresiva.

Materia: danza contemporánea

1. Obxectivos.

O ensino de danza contemporánea nas ensinanzas profesionais de danza terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Coñecer e practicar os movementos da danza contemporánea e as súas diferentes calidades e matices, na busca dunha correcta execución técnica e artística.

b) Interpretar variacións de diferentes estilos, co fin de coñecer a grande variedade de formas da danza contemporánea.

c) Improvisar formas libres de danza con sensibilidade creativa e sentido coreográfico.

d) Demostrar a versatilidade necesaria para adaptarse ás exixencias que derivan do carácter interdisciplinar da danza contemporánea.

2. Contidos.

Exercicios no chan: diferenciación da forza e as sensacións das diferentes partes do corpo. Traballo de contraccións do torso e mobilidade da columna. Utilización da respiración como orixe do movemento. Exercicios no centro: cambios no eixe do corpo, buscando o equilibrio nos diferentes pasos. Coordinación de todas as partes do corpo. Uso correcto do espazo. Desenvolvemento da sensibilidade plástica. Práctica da improvisación libre, con e sen obxectos, individual e en grupo. Estudo de pequenas variacións. Estudo de variacións de coreógrafos contemporáneos presentes no repertorio.

3. Criterios de avaliación.

1) Improvisar individualmente unha variación libre, a partir dos distintos estilos de música. Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento creativo, a expresión artística e sensibilidade musical do alumno ou alumna, a partir da improvisación individual.

2) Improvisar en grupo unha variación libre, a partir dos distintos estilos de música. Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento creativo, a expresión artística e a sensibilidade musical do alumno ou alumna, así como a súa capacidade de integrarse nunha improvisación colectiva.

3) Interpretar variacións de coreógrafos contemporáneos presentes no repertorio. Con este criterio preténdese valorar a capacidade interpretativa do alumno ou alumna e a súa identificación co estilo da variación proposta.

Materia: repertorio

1. Obxectivos.

O ensino de repertorio nas ensinanzas profesionais de danza terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Interpretar obras ou pezas de repertorio da danza clásica ou a danza neoclásica, coa naturalidade do dominio técnico e a pureza de estilo da obra.

b) Interpretar danzas en grupo, papeis de solista e ballets completos.

c) Coñecer e diferenciar os ballets máis significativos das diferentes épocas e tendencias artísticas, afondando na variedade de estilos e matices.

d) Relacionar os coñecementos e circunstancias históricas dos ballets coa súa forma e o seu estilo interpretativo.

2. Contidos.

Aprendizaxe de obras de repertorio de diferentes épocas e tendencias artísticas, afondando na variedade de estilos. Adquisición dos coñecementos técnicos e históricos dos ballets para a súa correcta interpretación dancística. Análise do carácter de cada personaxe para a súa correcta interpretación dramática. Estudo da interpretación dos diferentes papeis, dentro do estilo e da forma requiridos pola obra escollida. Desenvolvemento da individualidade artística e do virtuosismo técnico. Práctica e interpretación de bailes de conxunto. Práctica e interpretación de variacións de semisolista e primeiro bailarín ou bailarina. Coñecemento e valoración das normas de comportamento para bailar en grupo. Adestramento permanente e progresivo da memoria.

3. Criterios de avaliación.

1) Interpretar obras coreográficas dirixidas ao público no centro, ensaiadas previamente. Este criterio pretende valorar a aptitude necesariamente disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asignado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto e a súa adecuación ao papel asignado facendo fluír os seus sentimentos e personalidade e conseguindo a conexión emocional co público.

2) Interpretar un papel do repertorio de bailarín solista. Con este criterio preténdese valorar o grao técnico e a capacidade interpretativa do alumno ou alumna, a asimilación do estilo e o carácter da variación escollida.

3) Interpretar un papel de repertorio de primeiro bailarín. Este criterio permite valorar o grao de virtuosismo do alumno ou alumna, unido ao don natural da interpretación e a sensibilidade artísticas.

4) Interpretar un papel de carácter de repertorio escollido polo propio alumnado, onde eles mesmos buscarán os diferentes matices e estudarán os aspectos his-

tóricos. Mediante este criterio preténdese comprobar a preparación observadora e analítica do alumno ou alumna, así como as súas inquietudes, sensibilidade, creatividade e sentido da estética.

5) Interpretar en público un corpo de baile do repertorio clásico. Este criterio de avaliación pretende observar que o alumno ou alumna é capaz de desfrutar da danza e manter unha relación interpretativa e especial co resto dos compoñentes do grupo.

ESPECIALIDADE: DANZA ESPAÑOLA

Materia: danza clásica

1. Obxectivos.

O ensino de danza clásica nas ensinanzas profesionais de danza terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Aplicar a correcta colocación do corpo que permita o dominio da coordinación e o desenvolvemento correcto de todos os movementos.

b) Saber utilizar os coñecementos técnicos e estilísticos da danza académica adquiridos, para conseguir a necesaria calidade do movemento que permita alcanzar o máximo grao de interpretación artística, nas diferentes manifestacións da danza española.

c) Realizar con sentido rítmico e musicalidade a execución de todos os movementos que configuran a danza.

d) Valorar a importancia do espazo como elemento tanto estético como formal e ser conscientes do papel que xoga na interpretación.

2. Contidos.

Estudo da terminoloxía propia da danza clásica e a súa aplicación descritiva de pasos, as súas combinacións ou bailes. Desenvolvemento da correcta colocación do corpo que permita unha base técnica sólida, co fin de abordar os distintos estilos da danza española. Coñecemento de todos os pasos que compoñen o vocabulario da danza académica e a súa execución correcta de acordo cos seus tempos musicais, acentos e coordinación de movementos. Desenvolvemento do control de todo o corpo, a dinámica, o ataque do movemento e a respiración. Utilización correcta do espazo. Interiorización da música para desenvolver a sensibilidade artística coa elegancia e enerxía que a danza require. Desenvolvemento da sensibilidade musical como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de movemento. Desenvolvemento do perfeccionamento técnico e interpretativo do xiro e do salto. Desenvolvemento das capacidades creativas.

3. Criterios de avaliación.

1) Coñecer e recoñecer todos os pasos do vocabulario da danza clásica entendendo a súa aplicación técnica. Este criterio de avaliación pretende comprobar que o alumno ou alumna aprendeu o nome de todos os pasos, a súa realización, as súas características e o seu significado técnico na danza.

2) Realizar unha clase de danza clásica, que o profesor ou a profesora marque no momento, con todos os exercicios deste nivel no tempo musical establecido. Con este criterio trátase de comprobar e avaliar o dominio técnico alcanzado e o grao de madurez da súa capacidade artística, a través:

- a) Da colocación do corpo.
- b) Do desenvolvemento muscular e flexibilidade.
- c) Dos acentos musicais e musculares.
- d) Da coordinación de todos os movementos.
- e) Do dominio do equilibrio e do control do corpo.
- f) Da precisión na realización de todos os pasos e as posicións das pernas, brazos, torso e cabeza.

g) Da precisión e definición das direccións e desprazamentos.

h) Da utilización do espazo.

i) Da respiración do movemento.

j) Do dominio da técnica do adagio, do xiro, do salto (pequenos, grandes e batería).

k) Da sensibilidade musical.

3) Improvisar individualmente pequenas variacións de danza partindo de diferentes formas musicais. Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento creativo, a expresión artística e sensibilidade musical do alumno ou alumna.

4) Repetir e realizar no centro os exercicios estudados na barra que o profesor ou a profesora marque no momento, empregando correctamente o tempo musical, a coordinación, o espazo e as direccións. Con este criterio trátase de comprobar se o alumno ou alumna tomou conciencia do seu equilibrio e das direccións no espazo, coordinando os movementos entre eles.

5) Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos polo espazo, marcados polo profesor ou a profesora no momento. Con este criterio preténdese observar o sentido do alumno ou alumna con respecto ao espazo, ás dimensións e ás direccións.

Materia: Escola Bolera

1. Obxectivos.

O ensino de Escola Bolera nas ensinanzas profesionais de danza terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Dominar a linguaxe e o estilo da Escola Bolera.

b) Coñecer o repertorio máis significativo da Escola Bolera.

c) Interpretar as danzas deste repertorio con graza e naturalidade, dominio técnico, musicalidade e carácter e pureza de estilo.

2. Contidos.

Exercicios para adquirir a técnica, a dinámica, a coordinación e o estilo da Escola Bolera. Coñecer e executar todos os pasos e movementos codificados na linguaxe da Escola Bolera, tendo en conta a musicalidade e os acentos do movemento, así como a súa coordinación e o correcto acompañamento das castañolas. Realización de exercicios en relación coa dinámica, o estilo e o carácter das danzas de repertorio e o seu correcto acompañamento das castañolas. Exercicios con desprazamentos para a correcta utilización do espazo, tanto individuais como en grupo e en parella. Exercicios que permitan a compenetración e comunicación para as danzas de parella. Estudo das danzas máis representativas do repertorio da Escola Bolera. Desenvolvemento permanente da memoria, a sensibilidade musical, a precisión e dinámica tanto do movemento coma das castañolas, a respiración, a graza, o carácter e o estilo. Interpretar danzas do repertorio, individuais, de grupo e de parella.

3. Criterios de avaliación.

1) Realizar as variacións que marque o profesor ou a profesora, sobre fragmentos musicais, con pasos da Escola Bolera que, cos correspondentes toques de castañolas, conteñan a dinámica, os desprazamentos, a musicalidade e o estilo característicos. Este criterio pretende comprobar o uso do espazo, a calidade e a musicalidade, tanto dos movementos coma da interpretación das castañolas, así como a dinámica e o estilo.

2) Interpretar e realizar no momento as coplas que sobre o bolero e a malagueña dite o profesor ou profesora. Este criterio pretende observar o dominio técnico e o coñecemento da linguaxe da Escola Bolera.

3) Interpretar en público dous bailes do repertorio da Escola Bolera, á libre elección do alumno ou alumna, un en grupo ou en parella e o outro individual como solista. Este criterio pretende observar que o alumno ou alumna é capaz de desfrutar da danza e manter unha relación interpretativa e espacial co resto dos compoñentes do grupo, sen perder a calidade do movemento, o carácter e o estilo característicos da Escola Bolera, así como a súa capacidade de comunicación co público.

Materia: danza estilizada

1. Obxectivos.

O ensino da danza estilizada nas ensinanzas profesionais de danza terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Demostrar a sensibilidade artística e os coñecementos técnicos e expresivos que capaciten para interpretar unha danza, tendo en conta a forma, o carácter, a intención, o ritmo e os matices (dinámica) da obra musical.

b) Improvisar con sensibilidade artística e musical sobre unha forma musical, tendo en conta: a súa forma, o carácter, a intención, o ritmo e os matices; utilizando os instrumentos e linguaxes propios das nosas danzas.

c) Interpretar con naturalidade e dominio técnico, tanto no relativo aos movementos coma aos instrumentos utilizados (castañolas, zapatos, etc.), tendo en conta a expresividade e fidelidade á música.

d) Conseguir o dominio do corpo e da mente para utilizar con seguranza a técnica e o espazo escénico para chegar a unha concentración que permita unha interpretación artística de calidade.

2. Contidos.

Realización de exercicios ata alcanzar a calidade do movemento e a expresividade requirida en canto á fidelidade á música: matices, forma, intención e «tempo». Realización de traballos de improvisación utilizando as diferentes formas musicais. Análise do carácter interpretativo da danza, canto á obra musical e á súa coreografía. Interpretación de coreografías, individuais e colectivas, co máximo dominio do espazo escénico, da técnica (movemento, castañolas, zapateados, indumentaria, etc.), da expresividade, musicalidade, graza e naturalidade. Desenvolvemento permanente da memoria. Estudo das obras dos principais compositores e coreógrafos españois. Análise comparativa das diferentes interpretacións das devanditas obras.

3. Criterios de avaliación.

1) Interpretación dunha danza de zapatilla. Este criterio pretende valorar o dominio técnico do alumno ou da alumna, no referente á limpeza de pasos e á súa execución, á musicalidade e aos matices e ao carácter, á expresividade e interpretación.

2) Interpretación dunha danza de zapato. Este criterio pretende valorar o dominio técnico do alumno ou alumna, no referente á limpeza de pasos e á súa execución, á coordinación e fluidez, tanto do movemento coma das castañolas e zapateados, e ao uso do espazo.

3) Interpretación dunha variación de repertorio. Con este criterio preténdese valorar a capacidade artística do alumno ou da alumna, así como a súa memoria e a súa asimilación do carácter dramático do papel que representa na obra.

Materia: flamenco

1. Obxectivos.

O ensino de flamenco nas ensinanzas profesionais de danza terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Demostrar o dominio do zapateado (escobillas) en cada un dos diferentes ritmos flamencos.

b) Utilizar con dominio, soltura e naturalidade a indumentaria requirida: bata de cola, mantón, etc. (no baile de muller).

c) Interpretar os diferentes bailes flamencos con toda a súa forza expresiva.

d) Improvisar en calquera dos «paus» flamencos tendo en conta a estrutura, o compás e o carácter.

2. Contidos.

Estudo do ritmo e cuadratura do número de compases que ten unha «letra» para o desenvolvemento do cante que se require. Estudo do compás, da estrutura, dos caracteres e da expresión de cada forma do flamenco. Coñecemento e dominio dos ritmos, contratempos e estruturas dos diferentes «paus» flamencos: alegrías, tientos, farruca, tangos, soleares, bulerías, siguiriyas, etc. Estudo da realización da marcaxe, escobillas e desplantes con bata de cola. Realización de exercicios para diferenciar as cuadraturas do compás en relación co cante. Realización de traballos de improvisación dentro das estruturas do baile flamenco. Práctica da técnica do zapateado, alcanzando un máximo de velocidade, matiz e dificultade nas súas composicións. Estudo dos diferentes bailes flamencos, coa musicalidade, dominio técnico, gusto, carácter e forza expresiva que cada un requira. Estudo da orixe e fundamentos do flamenco: historia, costumes, intérpretes, cantes, significado social, etc. Desenvolvemento permanente da memoria.

3. Criterios de avaliación.

1) Realizar variacións de marcaxes e zapateados nos diferentes ritmos flamencos, acompañados coa guitarra e o cante, utilizando, no caso das alumnas, a bata de cola e o mantón. Este criterio pretende comprobar o coñecemento e dominio do compás nos diferentes ritmos do flamenco, o dominio e a soltura das alumnas no movemento coa bata de cola e o mantón, a clareza, a forza e os matices nos zapateados, e a cuadratura do cante (letra).

2) Interpretar un baile do repertorio flamenco. Con este criterio valorarase o dominio da técnica, do estilo e do carácter propio do baile, da musicalidade e dos matices, así como a capacidade artística do alumno ou da alumna e a súa madurez interpretativa.

3) Improvisar nun dos «paus» flamencos. Con este criterio preténdese comprobar o coñecemento do alumnado dos diferentes «paus» do flamenco: a súa estrutura, compás, medida do cante (letra).

4) Interpretar en público como solista un baile característico, á libre elección do alumno ou da alumna. Este criterio pretende valorar a capacidade de comunicación co público que posúe o alumnado.

5) Interpretar en público un baile en grupo ou en parella, á libre elección do alumno ou da alumna. Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumno ou alumna para integrarse nun grupo e manter unha relación interpretativa e espacial co resto das súas compoñentes, sen perder a calidade do movemento, o carácter e o estilo característicos do baile flamenco, así como a súa capacidade de comunicación co público.

Materia: folclore

1. Obxectivos.

O ensino de folclore nas ensinanzas profesionais de danza terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Coñecer a diversidade e a riqueza do noso folclore e adquirir un repertorio das danzas máis representativas.

b) Coñecer as circunstancias xeográficas, históricas, culturais e sociolóxicas que influíron en cada rexión,

dando lugar ás diferentes formas, estilos e significados das nosas danzas folclóricas.

c) Saber interpretar danzas características de cada rexión.

d) Situar e identificar o noso folclore a través dunha mostra instrumental e/ou bailada, ou a través do traxe.

e) Espertar o gusto e interese por obter a máxima información sobre o noso folclore: traxes, costumes, historia, significado social.

2. Contidos.

Adquisición das técnicas e dos estilos de cada rexión para a interpretación das súas danzas. Estudo dos instrumentos de percusión con que se acompaña o bailarín nas diferentes danzas populares: castañolas, pulgaretas, vieiras, paus, etc. Realización dos pasos cos seus desprazamentos polo espazo nos bailes individuais, por parellas e en grupo. Estudo da historia de cada rexión, autonomía ou comunidade, dos seus costumes, traxes, tradición e significado social das súas danzas máis representativas. Interpretación das danzas máis características do noso folclore. Desenvolvemento permanente da memoria.

3. Criterios de avaliación.

1) Interpretar e realizar as coplas e variacións que no momento marque o profesor ou a profesora, pertencentes ao folclore español máis representativo, acompañadas do instrumento de percusión que a danza requira. Este criterio pretende comprobar o coñecemento e a asimilación do alumno ou alumna dos pasos, estilos e caracteres das nosas danzas populares, así como dos instrumentos de percusión con que se acompañan os danzantes.

2) Compoñer e interpretar en grupo unha danza sobre unha música popular proposta polo profesor ou pola profesora. Este criterio pretende comprobar a capacidade de situar e identificar o noso folclore a través dunha mostra musical, amosando as súas características principais e a súa evolución polo espazo.

3) Identificar a través de imaxes de traxes folclóricos españois, ofrecidas polo profesor ou a profesora, o lugar a que pertencen, ilustrándoos cos comentarios que o alumno ou a alumna considere pertinentes. Este criterio pretende observar o grao de coñecemento adquirido polo alumnado sobre as circunstancias xeográficas, históricas, culturais e sociolóxicas do noso folclore, así como a influencia e o acondicionamento que, tanto a indumentaria coma as anteriores circunstancias, configuran o carácter, o estilo e a forma de bailar.

4) Interpretar unha danza folclórica á libre elección do alumno ou da alumna. Este criterio pretende comprobar a versatilidade técnica e interpretativa do alumno ou da alumna canto á forma, ao carácter e ao estilo.

ESPECIALIDADE: DANZA CONTEMPORÁNEA

Materia: danza clásica

1. Obxectivos.

O ensino da danza clásica nas ensinanzas profesionais de danza terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Aplicar a correcta colocación do corpo que permita o dominio da coordinación e o desenvolvemento correcto de todos os movementos.

b) Saber utilizar os coñecementos técnicos e estilísticos da danza clásica adquiridos, para conseguir a necesaria calidade do movemento que permita alcanzar o máximo grao de interpretación artística, nas diferentes manifestacións da danza contemporánea.

c) Realizar con sentido rítmico e musicalidade a execución de todos os movementos que configuran a danza.

d) Valorar a importancia do espazo como elemento tanto estético coma formal e ser conscientes do papel que xoga na interpretación.

2. Contidos.

Estudo da terminoloxía propia da danza clásica e a súa aplicación descritiva de pasos, as súas combinacións ou bailes. Desenvolvemento da correcta colocación do corpo que permita unha base técnica sólida, co fin de abordar os distintos estilos da danza contemporánea. Coñecemento de todos os pasos que compoñen o vocabulario da danza clásica e a súa execución correcta de acordo cos seus tempos musicais, acentos e coordinación de movementos. Desenvolvemento do control de todo o corpo, a dinámica, o ataque do movemento e a respiración. Utilización correcta do espazo. Interiorización da música para desenvolver a sensibilidade artística coa elegancia e enerxía que a danza require. Desenvolvemento da sensibilidade musical como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de movemento. Desenvolvemento do perfeccionamento técnico e interpretativo do xiro e do salto. Desenvolvemento das capacidades creativas.

3. Criterios de avaliación.

1) Coñecer e recoñecer todos os pasos do vocabulario da danza clásica entendendo a súa aplicación técnica. Este criterio de avaliación pretende comprobar que o alumno ou a alumna aprendeu o nome de todos os pasos, a súa realización, as súas características e o seu significado técnico na danza.

2) Realizar unha clase de danza clásica, que o profesor ou a profesora marque no momento, con todos os exercicios deste nivel no tempo musical establecido. Con este criterio trataríase de comprobar e avaliar o dominio técnico alcanzado e o grao de madurez da súa capacidade artística, a través:

a) Da colocación do corpo.

b) Do desenvolvemento muscular e flexibilidade.

c) Dos acentos musicais e musculares.

d) Da coordinación de todos os movementos.

e) Do dominio do equilibrio e do control do corpo.

f) Da precisión na realización de todos os pasos e as posicións das pernas, brazos, torso e cabeza.

g) Da precisión e definición das direccións e desprazamentos.

h) Da utilización do espazo.

i) Da respiración do movemento.

j) Do dominio da técnica do adagio, do xiro, do salto (pequenos, grandes e batería).

k) Da sensibilidade musical.

3) Improvisar individualmente pequenas variacións de danza partindo de diferentes formas musicais. Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento creativo, a expresión artística e sensibilidade musical do alumno ou da alumna.

4) Repetir e realizar no centro os exercicios estudados na barra que o profesor ou a profesora marque no momento, empregando correctamente o tempo musical, a coordinación, o espazo e as direccións. Con este criterio trátase de comprobar se o alumno ou a alumna tomou conciencia do seu equilibrio e das direccións no espazo, coordinando os movementos entre eles.

5) Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos polo espazo, marcados polo profesor ou profesora no momento. Con este criterio preténdese observar o sentido do alumno ou da alumna respecto ao espazo, ás dimensións e ás direccións.

Materia: improvisación

1. Obxectivos.

O ensino de improvisación nas ensinanzas profesionais de danza terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Demostrar a adaptación espontánea a un movemento, a unha idea ou a unha situación de traballo proposta, en relación con eles mesmos e co grupo.

b) Expresarse libremente, a través da improvisación dirixida para conseguir chegar á esencia da propia linguaxe.

c) Responder axeitadamente coa propia linguaxe corporal a unha idea proposta pola parella.

d) Demostrar, a través da realización de pequenas coreografías, o enriquecemento das posibilidades interpretativas do bailarín en relación co espazo.

2. Contidos.

Desenvolvemento do concepto da liberdade do movemento e afondamento na súa exploración, co fin de ampliar o seu coñecemento e integralo na creación coreográfica. Desenvolvemento do impulso como motor do movemento. Relación entre chan, forza de gravidade e caída. Desenvolvemento da capacidade de improvisación, a través de movementos libres e propios a partir dunha idea. Fundamentos creativos: capacidade de estruturar unha frase de movemento a partir dunha idea e ser capaz de repetila. Relacións básicas entre a utilización do tempo, do espazo e do esforzo, a partir da música ou de pautas determinadas. Desenvolvemento do autocontrol, da reflexión e da concentración. Desenvolvemento da retención visual, auditiva e cinestésica, na execución de secuencias de movemento previamente determinadas. Práctica da danza en grupo e desenvolvemento da iniciativa, a imaxinación e a creatividade. Utilización dos elementos do tempo, o espazo e o movemento e a súa relación co intérprete, a través da realización de estudos coreográficos. Desenvolvemento da capacidade de comunicación dramática que permita unha maior capacidade expresiva. Realización de pequenas coreografías.

3. Criterios de avaliación.

1) Improvisar individualmente unha variación libre, a partir de distintos estilos de música. Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento creativo, a expresión artística e a sensibilidade musical do alumnado, a partir da improvisación individual.

2) Improvisar en grupo unha variación libre, a partir de distintos estilos de música. Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento creativo, a expresión artística e a sensibilidade musical do alumnado, así como a súa capacidade de integrarse nunha improvisación colectiva.

3) Interpretar unhas variacións de coreógrafos contemporáneos presentes no repertorio, que inclúan a improvisación como un elemento esencial da propia coreografía. Con este criterio preténdese valorar a capacidade interpretativa do alumno ou da alumna e a súa identificación co estilo da variación proposta.

4) Realizar un pequeno estudo coreográfico a partir do desenvolvemento dun concepto ou secuencia de movemento, dun ritmo, dun texto, dun obxecto, dunha música, etcétera. Mediante este criterio preténdese valorar a creatividade do alumno ou da alumna, en relación coa súa capacidade para desenvolver unha proposta, así como o seu sentido da forma e das proporcións.

Materia: técnicas de danza contemporánea

1. Obxectivos.

O ensino de técnicas de danza contemporánea nas ensinanzas profesionais de danza terá como obxectivo

contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Controlar os movementos da danza contemporánea e as súas diferentes calidades e matices, en busca dunha correcta execución técnica e artística.

b) Interpretar variacións segundo as diferentes técnicas características da danza contemporánea.

c) Demostrar a versatilidade necesaria para adaptarse ás exigencias que derivan do carácter interdisciplinar da danza contemporánea.

2. Contidos.

Práctica da danza contemporánea para adquirir unha sólida base técnica que permita un amplo coñecemento dos diferentes estilos. Fundamentos da técnica da danza contemporánea, con especial énfase na flexibilidade da columna, o sentido do peso e o uso dinámico do espazo. Desenvolvemento dunha sensibilidade estética aberta. Coñecemento e desenvolvemento das propias capacidades expresivas. Coñecemento das diferentes técnicas recoñecidas como básicas no mundo da danza contemporánea (Graham, Cunningham, Limón, etc.). Desenvolvemento das habilidades prácticas e técnicas necesarias para adaptarse á gran variedade característica do repertorio contemporáneo.

3. Criterios de avaliación.

1) Realizar unha variación nas diferentes técnicas recoñecidas como básicas no mundo da danza contemporánea. Este criterio permite valorar o coñecemento e dominio das diferentes técnicas propias da danza contemporánea (Graham, Cunningham, Limón, etc.).

2) Realizar individualmente unha variación en que se siga e dialogue musicalmente o contido dun acompañamento sonoro. Mediante este criterio preténdese valorar a capacidade do alumno ou da alumna de adaptar as diferentes técnicas adquiridas a un acompañamento sonoro proposto, así como o acerto na elección destas en relación co estilo que deriva do devandito acompañamento.

3) Realizar en grupo unha coreografía característica do repertorio contemporáneo. Este criterio pretende valorar a capacidade artística do alumno ou da alumna para interpretar unha obra do repertorio contemporáneo.

ANEXO II**Horario escolar mínimo das ensinanzas profesionais de danza**

Materias	Tempos mínimos por grao expresados en horas
<i>Especialidade de baile flamenco</i>	
Técnicas básicas de danza	905
Danza española	445
Baile flamenco	780
Estudo do cante de acompañamento	130
Estudo da guitarra de acompañamento ..	130
Música	130
<i>Especialidade de danza clásica</i>	
Danza clásica	1.662
Danza contemporánea	342
Música	130
Repertorio	386
<i>Especialidade de danza española</i>	
Danza clásica	1.175
Escola Bolera	420
Danza estilizada	320
Flamenco	320
Folclore	155
Música	130

Materias	Tempos mínimos por grao expresados en horas
<i>Especialidade de danza contemporánea</i>	
Danza clásica	980
Improvisación	260
Música	130
Técnicas de danza contemporánea	1.150

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

2957 *ORDE ITC/254/2007, do 1 de febreiro, pola que se actualiza o anexo 1 e se modifican o anexo 2 e diversos apéndices do anexo 3 do Real decreto 412/2001, do 20 de abril, polo que se regulan diversos aspectos técnicos sobre o transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril. («BOE» 38, do 13-2-2007.)*

O Real decreto 412/2001, do 20 de abril, polo que se regulan diversos aspectos técnicos sobre o transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril, regulou nos seus anexos técnicos diversos aspectos prácticos e da regulamentación vixente para a aplicación do Regulamento relativo ao transporte internacional ferroviario de mercadorías perigosas (RID), anexo ao convenio relativo aos transportes internacionais por ferrocarril (COTIF), feito en Berna, o 9 de maio de 1980.

Resulta agora necesario actualizar o anexo 1 e modificar parcialmente o anexo 2 e diversos apéndices do anexo 3 do citado Real decreto 412/2001, do 20 de abril, como consecuencia da publicación e entrada en vigor das edicións de 2003, 2005 e 2007 do Regulamento relativo ao transporte internacional ferroviario de mercadorías perigosas (RID).

Así, no anexo 1 actualízanse as normas que afectan o transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril. Entre as novas normas que se enumeran, destacan o Real decreto 948/2003, do 18 de xullo, polo que se establecen as condicións mínimas que deben reunir as instalacións en lavado interior ou desgasificación e despresurización, así como as de reparación ou modificación, de cisternas de mercadorías perigosas e a Orde ITC/2765/2005, do 2 de setembro, pola que se modifican os anexos I, II e IV do Real decreto 948/2003, do 18 de xullo.

No anexo 2 modifícase o cadro 1 para incorporar algúns elementos aos equipamentos de inspección e no anexo 3 modifícanse os apéndices 3.6, 3.7, 3.8, 3.9, 3.10, 3.11, 3.12, 3.13, 3.14, 3.15, 3.16, 3.17 e 3.26. As modificacións afectan outros tantos documentos típicos, salvo no caso do apéndice 3.26 onde se actualiza o vehículo ferroviario.

A disposición derradeira segunda do Real decreto 412/2001, do 20 de abril, faculta o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para actualizar o anexo 1 e modificar os anexos 2, 3 e 4 deste real decreto.

Na elaboración desta orde déuselle audiencia ao sector afectado e a Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas emitiu o seu preceptivo informe.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de notificación previa á Comisión Europea, conforme o esta-

blecido na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo, incorporada ao ordenamento español polo Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentos técnicos e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Como o real decreto que modifica esta orde constitúe normativa de seguraza industrial e se dita ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13ª da Constitución.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispón:

Artigo único. *Actualización do anexo 1 e modificación do anexo 2 e diversos apéndices do anexo 3 do Real decreto 412/2001, do 20 de abril, polo que se regulan diversos aspectos técnicos sobre o transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril.*

Actualízase o anexo 1 e modifícanse o anexo 2 e diversos apéndices do anexo 3 do Real decreto 412/2001, do 20 de abril, do modo seguinte:

Un. Actualízase o anexo 1, que se substitúe polo que figura a continuación:

«ANEXO 1

Reglamentación vixente

Neste anexo recóllense as disposicións vixentes que son de aplicación neste regulamento.

1. Envases e embalaxes:

a) Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 17 de marzo de 1986 pola que se ditan normas para a homologación de envases e embalaxes destinados ao transporte de mercadorías perigosas.

b) Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 28 de febreiro de 1989 que modifica o punto 7.1 da do 17 de marzo de 1986 pola que se ditan normas para a homologación de envases e embalaxes destinados ao transporte de mercadorías perigosas.

c) Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva 1999/36/CE, do Consello, do 29 de abril, relativa a equipamentos de presión transportables.

2. Cisternas e contedores cisterna:

a) Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 20 de setembro de 1985 sobre normas de construción, aprobación de tipo, ensaios e inspección de cisternas para o transporte de mercadorías perigosas.

b) Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 30 de decembro de 1994 pola que se modifica a do 20 de setembro de 1985, sobre normas de construción, aprobación de tipo, ensaios e inspección de cisternas para o transporte de mercadorías perigosas.

c) Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 16 de outubro de 1996 pola que se modifica a do 20 de setembro de 1985, sobre normas de construción, aprobación de tipo, ensaios e inspección de cisternas para o transporte de mercadorías perigosas.

d) Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 26 de agosto 1998 pola que se modifica a do 20 de setembro de 1985, sobre normas de construción, aprobación de tipo, ensaios e inspección de cisternas para o transporte de mercadorías perigosas.

e) Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva 1999/36/CE, do Consello, do 29 de abril, relativa a equipamentos de presión transportables.

f) Real decreto 948/2003, do 18 de xullo, polo que se establecen as condicións mínimas que deben